

## **Reto tecnolóxico 2**

**Departamento que propón o reto:**

- Consellería do Medio Rural e do Mar

**1.- Áreas/temas nos que o departamento quere investigar/innovar co obxectivo de mellorar a prestación de servizos públicos a través de UAVs .**

- Control do furtivismo
- Salvamento marítimo
- Loita contra a contaminación
- Control e seguimento da frota pesqueira galega

**2.- Actividades ou procesos intensivos en recursos do departamento susceptibles de mellorar mediante o emprego de solucións baseadas en UAVs .**

- Vixilancia sistemática das zonas de produción de moluscos en evitación do furtivismo.
- Vixilancia sistemática das condicións das instalacións de cultivos mariños na zona marítima, marítimo-terrestre e terrestre.
- Detección e avaliación temperá da contaminación mariña accidental.
- Localización de focos contaminantes na costa e no mar.
- Procura de desaparecidos no mar.
- Control da actividade dos buques de pesca da frota con porto base en Galicia.

**3.- Retos técnicos ou tecnolóxicos que deberían solventar ditas solucións (inclúese neste apartado a integración das solucións nos actuais procesos ou plataformas tecnolóxicas do departamento**

Aumentar a capacidade e autonomía dos equipos aéreos (helicópteros) así como mellorar as súas capacidades de voo en condicións meteorolóxicas complicadas.

Considérase fundamental que a operación dos UAVs poida facerse integramente desde as embarcacións de Gardacostas, especialmente as operacións de aterraxe e despegue.

#### **4.- Equipo xestor e técnico que achega o departamento para colaborar co socio tecnolóxico.**

- Subdirector xeral de Gardacostas de Galicia
- Xefe do Servizo de Busca, Salvamento Marítimo e Loita contra a Contaminación
- Xefe do Servizo de Protección de Recursos

#### **5.- Mellora operacional, optimización de procesos, redución de custos... que espera conseguir coa implantación das solucións baseadas en UAVs.**

Diminución do tempo de resposta; dispoñer da información rápida dos problemas tanto de protección dos recursos, como busca e salvamento e loita contra a contaminación; redución moi substancial de custos operativos o evitar o movemento preventivo dos medios aéreos, terrestres e marítimos de control dos recursos, loita contra o furtivismo, salvamento.